





**POLICÍA LOCAL**

O GROVE (Pontevedra)

Telfno. 986 733333

Fax. 986 733876

DESFILE DE ENTROIDO 2019**COMUNICACIÓN SOBRE RESTRICIÓN NO TRÁFICO.**

A través deste escrito comunícase que, por mor do desfile do Entroido previsto para a **tarde do martes 5 de marzo de 2019** polas diferentes rúas do centro urbano do Grove, estableceranse as seguintes restricións no tráfico rodado:

PROHIBIDO O ESTACIONAMENTO

Desde as 9.00 horas pecharanse ao tráfico a zona do Corgo e o acceso do Monumento do Mariscador para prohibir o estacionamento, acoutar e organizar a saída do desfile.

A partir das 12.00 horas, prohibirase o estacionamento de vehículos nas seguintes rúas:

1. **Rúa Luís Casais**, desde o hotel Maruxía ata o cruzamento do Faro.
2. **Rúa da Praza**, ata O Corgo.

O Concello do Grove colocará valos coa sinalización de prohibido o estacionamento.

CORTE DE TRÁFICO

Desde as 17.00 horas desviarase ou pecharase o tráfico para o desfile nas seguintes rúas:

1. **Rúa Beiramar**. Cortada ao tráfico desde a estación de autobuses. O tráfico desviarase pola vía portuaria detrás da estación.
2. **Rúa Luís Casais**. Cortada ao Tráfico. O tráfico interno de Luís Seoane desviarase cara a Confin.
3. **Rúa das Barqueiras**. Desvíase o tráfico cara a Confin
4. **Rúa Batalla de Lepanto**. Desvíase o tráfico cara ao Monte da Vila
5. **Rúa O Pombal**. Cortada ao tráfico.
6. **Rúa Castelao**. Cortada ao Tráfico.
7. **Rúa Luís A. Mestre**. Cortada ao tráfico desde a avda. de Portugal cara ao cruzamento principal.
8. **Rúa Alexandre Bóveda**. Cortada ao tráfico desde a rúa Rosalía de Castro cara ao cruzamento principal.
9. **Rúa da Praza**. Cortada ao tráfico.
10. **Rúa Luís Seoane**. Cortada ao tráfico.
11. **Rúa Pablo Iglesias**. Cortada ao tráfico cara ao cruzamento principal. Desviarase o tráfico (só turismos) pola rúa do Montinho de Abaixo cara á rúa Alexandre Bóveda e desvío pola rúa da Agueira.
12. **O Corgo**. Cortada ao tráfico a vía por diante da Casa do Concello e a vía do Monumento do Mariscador. O tráfico desviarase polo Paseo de Lordelo.

Os cortes de tráfico terán a mínima duración mentres transcorra o desfile, de tal modo que a apertura se fará a medida que transcorra o desfile e a limpeza viaria.

Policía Local do Grove